

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 28/01/2021**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28/01/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 21 de decembro de 2020.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes decembro de 2020.
3. Toma de coñecemento da relación de investimentos solicitados ao Plan de obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan Concellos 2020) así como relación de investimentos solicitados por reinversión de baixas obtidas nos investimentos do Plan Provincial de obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019
4. Aprobación provisional, se procede, da Ordenanza N° IV.4 Fiscal Xeral
5. Aprobación inicial, se procede, do Regulamento do Voluntariado Social Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa
6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila para a modificación das bases para a concesión das axudas ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP sobre limpeza e acondicionamento do aparcadoiro de Rosalía de Castro e revisión das barreiras para garantir a seguridade dos pasos a nivel
9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG para unha canle Xabarán Club na TVG e mais e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego
10. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
11. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
12. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
13. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Vázquez utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 21 DE DECEMBRO DE 2020.-

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de data 21 de decembro de 2020.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 21 de decembro de 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=1>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2020: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ASINADAS DIXITALMENTE:

Nº DESCRICIÓN

- 3 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obra
- 1 Nomeamento membro xurado concurso proxecto construción piscinas
- 1 Expte. Recoñecemento extraxudicial de créditos
- 3 Expte. Xeración de créditos
- 3 Expte. Transferencias de créditos
- 1 Aboamento servizos prestados en domingo
- 1 Aboamento servizos prestados en festivo
- 1 Aboamento nocturnidade Policía
- 1 Aboamento vacacións persoal Plan Concellos Baixa IT
- 1 Bases de selección de 6 prazas de Auxiliar Administrativo
- 7 Nomeamento de persoal (funcionarios e persoal laboral) por substitución ou acumulación de tarefas
- 4 Substitución posto de categoría superior
- 1 Nomeamento funcionarios de carreira Policía Local
- 2 Nomeamento funcionario por permuta
- 2 Pagamento Plan de Pensións
- 10 Pago expedientes Tesourería
- 7 Estimación/Desestimación liquidacións e baixas
- 38 Estimación/Desestimación pagos duplicados
- 41 Estimación/desestimación beneficios fiscais no IVTM
- 35 Estimación/desestimación Prezos Públicos
- 44 Estimación/desestimación IBI
- 1 Estimación cambio xestión bens inmobles
- 1 Estimación ICIO
- 1 Estimación Taxa/ICIO licenzas urbanísticas
- 5 Estimación/desestimación recibos
- 21 Estimación/desestimación compensación de débedas
- 12 Estimación variación taxas e prezos públicos
- 6 Estimación/desestimación IIVTNU
- 1 Desestimación domiciliacións
- 3 Estimación liquidacións e baixas
- 1 Concesión de licenza de obra menor
- 7 Concesión de licenza de obra maior
- 1 Concesión de licenza ampliación rede eléctrica
- 1 Concesión de licenza de demolición
- 1 Concesión de licenza de segregación
- 8 Concesión de licenza para acometida de auga e/ou saneamento
- 3 Conformidade a proxecto de execución
- 2 Concesión de licenza para legalización de obras
- 1 Concesión de licenza de primeira ocupación e acometidas
- 15 Dacion de conta de comunicación previa obras
- 5 Declaración de ineficacia de comunicación previa obras
- 1 Desistimento comunicación previa inicio de actividade
- 1 Cambio de titularidade de actividade
- 1 Subrogación expte. Actividades
- 8 Deber de conservación
- 1 Aprobación definitiva estatutos entidade de conservación UEI-21

11 Reposición da legalidade urbanística
 15 Pago expedientes Intervención
 1 Prórrogas orzamento 2020 ao exercicio 2021
 3 Recoñecemento de obriga
 6 Estimación/desestimación rateo IVTM
 1 Pago comisión TPV
 3 Pago préstamos
 1 Relación de pagos

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ASINADAS MANUALMENTE

Nº DESCRICIÓN

13 Recoñecemento de obriga
 2 Aprobación contas xustificativas e recoñecemento de obriga de subvencións concedidas

TOTAL RESOLUCIÓNS DECEMBRO 2020: 371

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PLAN CONCELLOS 2020) E RELACIÓN DE INVESTIMENTOS POR REINVERSIÓN DE BAIXAS OBTIDAS NOS INVESTIMENTOS DO PLAN CONCELLOS 2018/2019.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da seguinte relación de investimentos:

RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SOLICITADOS POR REINVERSIÓN DE BAIXAS OBTIDAS NOS INVESTIMENTOS DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (Plan Concellos) 2020 PARA DAR CONTA AO PLENO

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada a Deputación Provincial	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención	Importe concedido
SUBMINISTRO DUNHA CASETA PARA UN POSTO DE VIXILANCIA NA PRAIA DO PREGUNTOIRO	LIÑA 1	12.813,90 €	100%	R.ALC. 17/11/2020	12.813,90 €
SUBMINISTRO DE MOBILIARIO NAS PRAIAS DE BAMIO, DA CONCHA E DO PREGUNTOIRO	LIÑA 1	18.004,80 €	100%	R.ALC. 12/11/2020	18.004,80 €
SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO	LIÑA 1	16.407,60 €	100%	R.ALC. 12/11/2020	16.407,60 €
SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE DÚAS MARQUESIÑAS NA RÚA CONGOSTRA-CASTROGUDIN E AVDA. CORNAZO-PARADELA	LIÑA 1	9.644,91 €	100%	R. ALC. 12/11/2020	9.644,91 €

RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SOLICITADOS AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS)2020 PARA DAR CONTA AO PLENO

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada a Deputación Provincial	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención	Importe concedido
RETRANQUEO DE MURO DOS COLEXIOS A LOMBA E RUA AREALONGA NA RUA XUNQUEIRA	LIÑA 1	41.258,02 €	100%	XGL 28/09/2020	41.258,02 €

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=3>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA Nº IV.4 FISCAL XERAL.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta de aprobación da Ordenanza nº IV.4 Fiscal Xeral

A práctica administrativa diaria pon de manifesto determinada problemática que é preciso regular por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa coa finalidade de desenvolver e concretar as normas aplicables ao exercicio das competencias do Concello nos procedementos tributarios de xestión, recadación e revisión dos actos tributarios municipais, regular algúns aspectos comúns a diversas Ordenanzas Fiscais, evitando a súa reiteración e informar aos cidadáns dos criterios cuxo coñecemento poida facilitar o cumprimento das obrigas tributarias. Preténdese tamén que por parte do Concello se xestione de oficio toda a información de que dispoña ou á que teña acceso coa finalidade de evitar trámites e xestións innecesarios aos contribuíntes .

Por outra banda, no exercicio 2021 preténdese poñer en marcha o plan personalizado de pago para facilitar ao contribuíntes flexibilizar o pago dos tributos no número de prazos que mellor se adapte ás súas necesidades.

Polo exposto, efectúase a seguinte proposta ao Pleno:

PRIMEIRO: Aprobar a ORDENANZA Nº IV.4 FISCAL XERAL seguinte:

ÍNDICE

CAPÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1 Obxecto

Artigo 2 Ámbito de aplicación

CAPÍTULO II - RELACIÓNS CA ADMINISTRACIÓN

Artigo 3 Canles para relacionarse ca Administración

Artigo 4 Acceso ao estado de tramitación e ao contido dos expedientes administrativos

Artigo 5 Tramitación do procedemento administrativo tributario

Artigo 6 Actuacións administrativas automatizadas

CAPÍTULO III - XESTIÓN TRIBUTARIA

SECCIÓN I - XESTIÓN DE INGRESOS

Artigo 7 Padróns fiscais

Artigo 8 División da débeda

Artigo 9 Dereitos económicos de baixa contía

SECCIÓN II – NOTIFICACIÓNS

Artigo 10 Notificacións administrativas

Artigo 11 Práctica das notificacións en papel

Artigo 12 Práctica das notificacións a través de medios electrónicos

Artigo 13 Avisos ao correo electrónico subministrado polo contribuínte

SECCIÓN III – BENEFICIOS FISCAIS

Artigo 14 Procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais solicitados polos interesados

CAPÍTULO III – RECADACIÓN

SECCIÓN I – PAGO DA DÉBEDA TRIBUTARIA

Artigo 15 Formas de extinción da débeda tributaria

Artigo 16 Leximitación e lugar de pago

Artigo 17 Medios de pago

Artigo 18 Pago mediante cheque

Artigo 19 Pago mediante tarxetas de crédito e débito

Artigo 20 Pago mediante transferencia bancaria

Artigo 21 Pago mediante domiciliación bancaria

SECCIÓN II – PLAN PERSONALIZADO DE PAGO (PPP)

Artigo 22 Ámbito e requisitos

Artigo 23 Modalidades

Artigo 24 Solicitude

Artigo 25 Cotas

Artigo 26 Duración e falta de pago

SECCIÓN III – APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DE PAGO

Artigo 27 Solicitude

Artigo 28 Débedas non aprazables ou fraccionables

Artigo 29 Prazos

Artigo 30 Recargas e xuros de demora

Artigo 31 Notificación da concesión do fraccionamento ou aprazamento

Artigo 32 Garantías

SECCIÓN IV – INSOLVENCIA E PRESCRICIÓN

Artigo 33 Situación de insolvencia e crédito incobrable

Artigo 34 Prescrición

SECCIÓN V – DEVOLUCIÓN DE INGRESOS

Artigo 35 Devolución de ingresos indebidos

Artigo 36 Devolucións derivadas da normativa do tributo

CAPÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1 Obxecto

Dítase esta Ordenanza xeral de conformidade co disposto no artigo 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en desenvolvemento do establecido no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e igualmente en desenvolvemento do artigo 7 e disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e das demais normas concordantes.

Contén normas comúns, tanto substantivas como de procedemento, que en materia de xestión, liquidación, recadación e revisión dos actos tributarios municipais.

Artigo 2 Ámbito de aplicación

Esta ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal de Vilagarcía de Arousa.

CAPÍTULO II - RELACIÓN CA ADMINISTRACIÓN

Artigo 3 Canles para relacionarse ca Administración

Os cidadáns poderán relacionarse coa Administración tributaria municipal por unha das seguintes canles:

- Vía internet a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello (<https://ovt.vilagarcia.gal>) ou da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Presencialmente acudindo á Oficina de Xestión Tributaria, na planta 3ª da Casa Consistorial, sita en Ravella, 1

Artigo 4 Acceso ao estado de tramitación e ao contido dos expedientes administrativos

1. Os interesados poderán coñecer o estado de tramitación no que se atopan os seus expedientes a través da OVT.

2. Os interesados poderán acceder ao contido do expediente administrativo e solicitar copia dos documentos que o integran por medios preferentemente electrónicos.

3. O acceso aos expedientes e documentos que formen parte dun expediente en papel concluído á data da solicitude e que obren nos arquivos administrativos, unicamente poderá ser solicitado por quen fose parte no procedemento tributario. A solicitude deberá realizarse polo interesado, polo seu representante ou apoderado debidamente acreditado e non poderá afectar á intimidade de terceiras persoas.

4. Se a documentación á que se solicita o acceso se atópase nas mesmas dependencias nas que se presenta a solicitude e, a xuízo do responsable do departamento encargado do arquivo, non existe impedimento algún para iso, procederase de inmediato á posta de manifesto da documentación requirida. En caso contrario, emprazarase ao interesado para a súa exhibición en data posterior que, salvo circunstancias excepcionais, non excederá de dez días desde a presentación da solicitude. No expediente quedará constancia mediante dilixencia da documentación examinada e, no caso de que o encargado o considere necesario, das

circunstancias en que o exame se levou a cabo.

Artigo 5 Tramitación do procedemento administrativo tributario

1. Cando o Concello dispoña ou teña acceso á información necesaria iniciará de oficio os procedementos evitando trámites e xestións innecesarias aos contribuíntes.

2. Os contribuíntes poderán realizar as súas propias xestións tributarias por medios electrónicos de forma segura.

3. Non será necesario formalizar un expediente administrativo nos supostos nos que se poidan realizar xestións de forma inmediata, tales como emisión de certificados, designación da conta fiscal, e outros que determine este Concello.

4. O Concello só solicitará aos interesados a achega de datos e documentos cando estes se esixan polas normas reguladoras do procedemento de que se trate e non se atopen en poder da Administración actuante ou doutras Administracións coa que se poida levar a cabo o intercambio de información. Se non é posible a comprobación da información necesaria, o Concello poderá requirir aos contribuíntes a súa achega.

Artigo 6 Actuacións administrativas automatizadas

As actuacións administrativas automatizadas son actuacións do procedemento administrativo realizadas integramente por medios electrónicos e nas que non interviñese de forma directa un empregado público. Poderán ser asinadas por selo de órgano ou por código seguro de verificación que garante a integridade e a autenticidade do documento electrónico, mediante o cotexo na Oficina Virtual Tributaria.

O Concello regulará as actuacións automatizadas a través da correspondente Resolución.

CAPÍTULO III - XESTIÓN TRIBUTARIA

SECCIÓN I – XESTIÓN DE INGRESOS

Artigo 7 Padróns fiscais

1. Serán obxecto de padrón os tributos nos que pola súa natureza se produza a continuidade de feitos impositivos.

Os padróns elaboraranse polo Servizo de Rendas sendo o órgano competente para a súa aprobación o Alcalde.

2. Os padróns fiscais serán expostos ao público nas oficinas municipais, como mínimo, durante o tempo no que o padrón do tributo estea ao cobro en período voluntario. E estes efectos farase coincidir a finalización do período de exposición pública e a finalización do prazo de pago en período voluntario.

Durante o período de exposición pública, os administrados en xeral poderán consultar os datos do padrón, cos límites regulados na normativa de protección de datos, no horario establecido de atención ao público, debendo os interesados acreditar tal condición para poder acceder á información tributaria correspondente, xa se efectúe mediante acceso restrinxido ao documento que conteña o padrón ou matrícula, visualización dos datos de pantalla, copia dos mesmos ou comunicación verbal da información. Será igualmente necesario acreditar a condición de interesado en calquera outro momento distinto ao de exposición ao público para que a consulta sexa autorizada.

3. Contra a exposición pública dos padróns, e dos recibos derivados destes, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, ou o procedente ante a Administración competente en materia censual, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública do padrón.

4. As altas nos padróns e matrículas produciranse por declaración do suxeito pasivo, pola acción investigadora da Administración ou de oficio, producindo efecto na data determinada na respectiva ordenanza fiscal. As variacións orixinadas por variacións introducidas nas leis e nas ordenanzas fiscais, ou resultantes das declaracións de variación regulamentarias que teña que presentar o suxeito pasivo, serán notificadas colectivamente.

5. Nos tributos que admitan rateo da cota nos casos de baixa definitiva, unha vez se teña constancia dos mesmos procederase:

1º- Á exclusión do obxecto tributario do padrón do tributo do exercicio seguinte.

2º- No caso en que presente a baixa definitiva antes do inicio ou durante o período voluntario de pago do tributo, o Concello poderá emitir liquidación ou recibo polo importe rateado, anulando o recibo polo exercicio en curso se for a o caso. No caso de que presente a baixa definitiva despois do período voluntario de pago, o rateo orixinará o dereito de devolución de ingreso derivado da

normativa propia dun tributo.

Artigo 8 División da débeda

Nos supostos de concorrencia de varios obrigados tributarios no Imposto sobre Bens Inmóbles os obrigados ao pago poderán solicitar a división da débeda.

Na xestión do IBI, observaranse as seguintes prescricións:

1. O Concello emitirá os recibos e as liquidacións a nome do titular do dereito constitutivo do feito imponible que conste en Catastro
2. Cando un ben inmóble ou dereito sobre este pertenza a dous ou máis titulares, os interesados poderán solicitar a división da cota tributaria, sendo indispensable achegar os datos persoais e os domicilios do resto dos obrigados ao pago, así como títulos acreditativos da proporción en que cada un participa no dominio ou dereito sobre o inmóble, salvo que dita información xa obre en poder da Administración
3. Unha vez aceptada polo Concello a solicitude de división, os datos incorporaranse no padrón do imposto do exercicio inmediato posterior e manterase nos sucesivos mentres non se solicite a modificación.

Non procederá a división da débeda e será desestimada a solicitude se como consecuencia da división resultan cotas antieconómicas ou mínimos exentos de importe inferior ao establecido na Ordenanza fiscal reguladora do imposto.

Nos supostos de separación matrimonial xudicial ou de divorcio, con atribución do uso da vivenda a un dos cotitulares, os interesados poderán solicitar a división da débeda ou no seu caso, a alteración da orde dos suxeitos pasivos para facer constar, en primeiro lugar, quen é o beneficiario do uso, esixíndose o acordo expreso dos interesados.

Se algunha das cotas resultase impagada esixírase o pago da débeda a calquera dos cotitulares, obrigados solidarios ao pago do tributo.

Artigo 9 Dereitos económicos de baixa contía

Por motivos de eficacia e economía, atendendo aos costes na xestión recadatoria:

1. Non se liquidarán débedas tributarias cando o importe sexa menor ou igual a 6 €. Producirase a anulación e baixa na recadación e na contabilidade de todos os valores liquidados dos que resulten débedas inferiores a 6 €, contía que se estima como insuficiente para a cobertura do custe de exacción e recadación.

Quedan excluídas do anterior aquelas débedas que teñan un importe menor ou igual a 6 € pero correspondan a tributos que teñan establecida unha cota tributaria fixa.

2. Non se practicarán liquidacións por xuros de demora, salvo nos supostos previstos para suspensións, fraccionamentos e aprazamentos, cando os xuros devengados sexan inferiores a 6 € e deban ser notificados con posterioridade á liquidación da débeda principal. A efectos da determinación de dito límite terase en conta a totalidade dos xuros devengados polo suxeito pasivo, aínda que se trate de débedas ou períodos impositivos distintos, se traen causa dun mesmo expediente.
3. Non se dividirá a débeda naqueles supostos en que resulten cotas de importe inferior a 6 €.
4. Anualmente o Concello datará por baixa os valores con importe principal menor ou igual a 6 € unha vez que transcorrera un ano dende a súa posta ao cobro.

SECCIÓN II – NOTIFICACIÓNS

Artigo 10 Notificacións administrativas

No caso de tributos de cobro periódico notificarase individualmente a liquidación corresponde á alta no respectivo padrón, matrícula ou rexistro, e as sucesivas liquidacións incluídas nos padróns de vencemento periódico (recibos) notificaranse colectivamente mediante editos que se publicarán no BOP e, no seu caso, na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa. O aumento da base imponible sobre a resultante das declaracións deberá notificarse ao contribuínte con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto cando a modificación proveña de revalorizacións de carácter xeral autorizadas polas leis.

No caso de liquidacións de alta ou por tributos de devengo puntual a notificación realizarase persoalmente ao obrigado tributario por calquera medio que permita ter constancia da recepción,

así como da data, identidade do receptor e o contido do acto notificado.

Artigo 11 Práctica das notificacións en papel

1. Con carácter xeral, as notificacións e comunicacións en papel que poidan derivarse das súas relacións co Concello enviaranse ao domicilio fiscal.

Con todo, poñeranse ao dispor dos interesados na Oficina Virtual Tributaria as notificacións que se practiquen en papel para que poidan acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria.

Cando o interesado fose notificado por diferentes vías (en papel e electronicamente), tomarase como data de notificación a producida en primeiro lugar.

2. Cando o resultado das notificacións en papel sexa descoñecido ou dirección incorrecta, o Concello poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado polos obrigados en relación cos ingresos cuxa xestión lles corresponde. A tales efectos poderá, entre outras, efectuar as seguintes actuacións:

a) Consultar os datos con transcendencia tributaria obrantes nos padróns de habitantes.

b) Cando teña constancia de que o domicilio declarado polo suxeito pasivo ante a Administración Tributaria Estatal é diferente do que obra na súa base de datos, poderá remitir todas as notificacións derivadas da xestión recadatoria ao domicilio facilitado pola Administración Tributaria Estatal.

c) Cando os obrigados tributarios non consignasen os datos de contacto para os efectos de realizar avisos de notificación por comparecencia ou avisos de interese xeral, o Concello poderá consultar os datos obrantes na Administración Tributaria Estatal.

6. Nos procedementos iniciados a instancia de parte, os interesados poderán sinalar, por calquera medio do que quede constancia, un domicilio distinto do domicilio fiscal para recibir as notificacións que poidan derivarse dese procedemento.

Artigo 12 Práctica das notificacións a través de medios electrónicos

1. As notificacións electrónicas practícaranse mediante comparecencia na Oficina Virtual Tributaria (en diante, OVT) do Concello de Vilagarcía de Arousa. Aos efectos previstos neste artigo, enténdese por comparecencia na OVT, o acceso polo interesado ou o seu representante debidamente identificado ao contido da notificación.

2. O Concello remitirá unha mensaxe ao correo electrónico que lle conste ao Concello ou a o facilitado expresamente polos contribuíntes, comunicándolles a posta a disposición das notificacións electrónicas dirixidas a eles para o seu acceso electrónico.

A falla de aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. O sistema deixará constancia da data e hora na que se produza o acceso e os efectos da notificación, reflectíndoo así na certificación de notificación electrónica positiva por ter comparecido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido. O sistema deixará constancia da data e hora en que se entende producida a notificación, reflectíndoo así na certificación de notificación electrónica positiva por transcorrer o prazo legal e non acceder.

4. Practícaranse obrigatoriamente notificacións electrónicas ás persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados teñan garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos, e en todo caso a:

- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica entre as que se inclúen comunidades de bens, herdanzas yacentes e comunidades de propietarios.
- Notarios e Rexistradores da Propiedade e Mercantís
- Representantes dun interesado obrigado a relacionarse electronicamente co Concello.
- As persoas físicas que iniciasen un procedemento por medios electrónicos, as notificacións derivadas do devandito procedemento.

5. En todo caso, as persoas xurídicas e demais obrigados a comunicarse electronicamente coa Administración deberán sinalar a dirección de correo electrónico na que se realizarán os avisos de posta ao dispor das notificacións electrónicas.

6. Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas, poderán

comunicar en calquera momento ao Concello que as notificacións sucesivas se practiquen por medios electrónicos, debendo facilitar ao efecto un correo electrónico para a realización dos correspondentes avisos de posta a disposición na OVT.

A indicación da preferencia no uso de medios electrónicos poderá emitirse e solicitarse, por medios electrónicos.

Artigo 13 Avisos ao correo electrónico subministrado polo contribuínte

Os contribuíntes deberán facilitar ao Concello un correo electrónico aos efectos de recibir comunicacións de período de cobranza dos tributos e avisos informativos de posta a disposición das notificacións.

O interesado ou o seu representante será o único responsable de manter dita información actualizada.

SECCIÓN III – BENEFICIOS FISCAIS

Artigo 14 Procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais solicitados polos interesados

1. A concesión ou denegación de beneficios fiscais axustarase á normativa específica de cada tributo e ao disposto nas ordenanzas fiscais reguladoras destes.

A carga da proba do cumprimento do requisitos establecidos para a obtención dos beneficios fiscais corresponderalle ao solicitante, podendo achegar, ademais da documentación esixida na ordenanza, aquela que considere conveniente.

2. As solicitudes deberán presentarse nos seguintes prazos:

- No caso de tributos de devengo periódico xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na ordenanza reguladora do tributo e, no seu defecto, no prazo establecido para a presentación da declaración de alta ou modificación que corresponda.
- No caso de tributos xestionados mediante autoliquidación ou declaración tributaria, no momento de presentación desta.

3. Terán carácter provisional os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron.

A Administración tributaria municipal poderá comprobar, nun posterior procedemento de aplicación dos tributos, a concorrencia de ditas condicións ou requisitos e, no seu caso, regularizar a situación tributaria do obrigado, sen necesidade de proceder á previa revisión dos ditos actos nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

4. O procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais terminará por resolución da alcaldía na que se recoñece ou se denegue a aplicación do beneficio fiscal. Se a resolución é estimatoria os interesados daranse por notificados coa aprobación do correspondente padrón no que consten os beneficios aplicados, salvo que o beneficio teña validez por un período determinado de tempo, que se notificará individualmente. No caso de que sexa desestimatoria ou parcialmente estimatoria notificarase no prazo máximo de 6 meses.

5. O recoñecemento dos beneficios fiscais producirá efectos dende o momento que estableza a ordenanza fiscal reguladora do tributo..

Unha vez concedido un beneficio fiscal non será preciso reiterar a solicitude para a súa aplicación en períodos futuros, salvo que se modifiquen as circunstancias que xustificaron o seu recoñecemento ou a normativa aplicable.

CAPÍTULO III – RECADACIÓN

SECCIÓN I – EXTINCIÓN DA DÉBEDA TRIBUTARIA

Artigo 15 Formas de extinción da débeda tributaria

As débedas poderán extinguirse por pago, prescrición, compensación, dedución sobre transferencias, condonación e polos demais medios previstos nas leis. O pago, compensación, dedución sobre transferencias ou a condonación ten efectos liberatorios exclusivamente polo importe pagado, compensado, deducido ou condonado.

Artigo 16 Leximitación e lugar de pago

1. Pode efectuar o pago, en período voluntario ou período executivo, calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obriga, xa o coñeza e o aprobe, xa o ignore o obrigado tributario.

O terceiro que pague a débeda non estará lexitimado para exercer ante a Administración a

devolución do ingreso efectuado, nin sequera no caso de que o ingreso sexa considerado indebido, nin exercitar os demais dereitos que corresponden ao obrigado ao pago.

2. O pago das débedas poderá realizar na caixa municipal ou nas entidades financeiras, que presten o servizo de caixa ou colaboradoras:

1. Caixa municipal, exclusivamente para aqueles ingresos nos que así se estableza na correspondente ordenanza fiscal.
2. Entidades financeiras: poderase realizar o pago directamente nas entidades, nos caixeiros das entidades que así o admitan ou por vía telemática, tanto a través das pasarelas de pagos das propias entidades como a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 17 Medios de pago

O pago das débedas e sancións tributarias que deba realizarse en efectivo poderase facer sempre en diñeiro de curso legal.

Así mesmo, poderase realizar por algún dos seguintes medios, cos requisitos e condicións que se establezan nesta ordenanza:

1. Cheque
2. Tarxetas de crédito e débito
3. Transferencia bancaria
4. Domiciliación bancaria

O emprego de calquera medio de pago alternativo á entrega de diñeiro de curso legal non poderá implicar gasto algún para o Concello pola súa tramitación. En caso contrario, o gasto cargado ao Concello será automaticamente deducido do importe abonado, continuándose o procedemento recadador polo resto da cantidade adebedada pendente de cobro.

Artigo 18 Pago mediante cheque

Os pagos poderán efectuarse mediante cheque que deberá ser nominativo a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa e estar debidamente conformado ou certificado pola entidade de crédito, en data e forma, ademais de reunilos requisitos esixidos pola lexislación mercantil.

Cando os pagos se realicen nas entidades de crédito que presten o servizo de caixa ou nas entidades colaboradoras, ademais de cumprir os requisitos anteriores, deberá ser cruzado.

A entrega do cheque liberará ao obrigado ao pago polo importe satisfeito, cando sexa feito efectivo. En tal caso, producirá efectos dende a data a que tivera entrada na caixa correspondente.

Artigo 19 Pago mediante tarxetas de crédito e débito

Será admisible o pago mediante tarxetas de crédito e débito ante as entidades que presten o servizo de caixa, sempre que a tarxeta a utilizar se atope incluída entre as que, a tal fin, sexan admitidas en cada momento por ditas entidades.

Os ingresos efectuados por medio de tarxeta de crédito e débito entenderanse realizados no día en que aqueles tivesen entrada na conta bancaria municipal correspondente.

Artigo 20 Pago mediante transferencia bancaria

Excepcionalmente poderán realizarse pagos por transferencia bancaria naqueles casos nos que así llo comunique ao interesado o Departamento de Recadación.

O mandato de transferencia expresará o número de identificación do valor ou, no seu defecto o NIF do obrigado tributario, concepto tributario e ano ao que corresponde. Nos supostos nos que non se identifique correctamente a que corresponde o pago, aplicarase á débeda máis antiga.

Considerarase efectuado o pago na data na que tivera entrado o importe correspondente na conta municipal, quedando liberado dende ese momento o obrigado tributario pola cantidade ingresada.

Artigo 21 Pago mediante domiciliación bancaria

1. Poderá realizarse o pago mediante domiciliación bancaria nos seguintes supostos:

- Débedas de vencemento periódico e notificación colectiva.
- Aprazamentos e fraccionamentos.

2 A domiciliación bancaria deberá axustarse aos seguintes requisitos:

- Que o obrigado ao pago sexa titular da conta na que se domicilie o pago e que dita conta se encontre aberta nunha entidade de crédito. Tamén se poderá domiciliar o pago nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular de dita conta e o propio obrigado autoricen a domiciliación. No caso de contribuíntes falecidos, e en tanto non se regulariza a situación tributaria, será suficiente a autorización do titular da conta cando sexa algún dos herdeiros.
- Que o obrigado ao pago comunique a súa orde de domiciliación ao Concello antes do día no que comece o período voluntario de pago de cada tributo.

3. Os pagos entenderanse realizados na data de cargo en conta de ditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que a tal efecto expida a entidade de crédito onde se encontre domiciliado o pago, que incorporará como mínimo os datos que se establezan pola Administración tributaria municipal.

4. No caso de pago mediante domiciliación bancaria, non se remitirá ao domicilio do obrigado ao pago o documento de pago. Aos efectos de informar aos obrigados que teñan domiciliados os seus recibos, poderase enviar un correo electrónico no que se lle indique a data de cargo en conta bancaria, sempre a cando faciliten á Administración tributaria municipal unha dirección de correo electrónico.

5. En todo caso, o pago realizarase sempre mediante domiciliación bancaria nos seguintes supostos:

- Os aprazamentos, fraccionamentos e plans personalizados de pago.
- As taxas e prezos públicos correspondentes aos seguintes servizos: conservatorio profesional de música, servizo de axuda no fogar e a persoas dependentes e escola municipal de música.

SECCIÓN II – PLAN PERSONALIZADO DE PAGO (PPP)

Artigo 22 Ámbito e requisitos

O PPP permitirá efectuar ingresos a conta da débeda anual estimada de todos os recibos de vencemento periódico e notificación colectiva do ano natural, sen que lles sexa esixible a prestación de garantías nin o pago de xuros de mora, sempre que as fraccións se paguen nos prazos indicados.

Quedan excluídos do PPP os recibos correspondentes a taxas ou prezos públicos por ensinanzas impartidas no Conservatorio e na Escola Municipal de Música, servizo de axuda no fogar e mercados en todas as súas modalidades (mercados, postos e barracas, postos interiores, exteriores, mercadillos e cámaras frigoríficas).

Requisitos:

1. O importe da débeda tributaria incluída no PPP debe ser superior a 100 €. Dito importe calcularase tomando como referencia os datos do exercicio anterior.
2. Deberá domiciliar obrigatoriamente o pago das cotas nunha única conta.

Artigo 23 Modalidades

As modalidades ás que se pode adherir o obrigado ao pago, segundo a periodicidade dos pagos, son as seguintes:

1. MENSUAL (11) A pagar en 11 prazos: os días 5, ou inmediato hábil posterior, de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro e novembro.
2. BIMESTRAL (6) A pagar en 6 prazos: os días 5, ou inmediato hábil posterior, de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro.
3. TRIMESTRAL (4) A pagar en 4 prazos: os días 5, ou inmediato hábil posterior, de febreiro, maio, agosto e novembro.
4. ANUAL (1) A pagar nun único prazo o día 5 do mes de marzo.

Artigo 24 Solicitude

O interesado en acollerse ao PPP deberá presentar a solicitude antes do día 1 de decembro do ano anterior ao que se refira a petición. A partir dese momento quedará adherido ao PPP, salvo que polo Concello de Vilagarcía de Arousa se lle notifique a denegación por incumprimento dos requisitos.

As variacións nos datos da adhesión inicial ao PPP (prazos, número de conta, recibos incluídos,...) deberán comunicarse antes do día 1 de decembro do ano anterior ao que se refiran.

Artigo 25 Cotas

1. De acordo cos datos dos que dispoña a administración relativos ao exercicio inmediatamente anterior ao que se refire a solicitude, efectuarase unha estimación das cotas que o obrigado ao pago deberá pagar en cada unha das fraccións.

Na última cota efectuarase a regularización anual, determinándose o seu importe pola diferenza entre a contía dos recibos correspondente ao exercicio e as cantidades abonadas nas cotas anteriores.

2. As cotas do PPP non poderán ser inferiores a 15 €.

O obrigado tributario poderá pagar íntegramente as cotas non vencidas, nun só pago, en calquera momento, causando baixa no PPP.

3. Para obter un certificado de estar ao corrente do pago de calquera dos tributos incluídos no PPP será preciso que se producira o pago íntegro de dito tributo.

Artigo 26 Duración e falta de pago

1. A solicitude producirá efectos para os seguintes período voluntarios de pago, tendo validez por tempo indefinido, sempre que non exista manifestación expresa en contra por parte do suxeito pasivo e non se deixen de facer os pagos na forma establecida.

2. No caso de impago dun dos prazos, distribuirase proporcionalmente o importe impagado entre o resto dos prazos pendentes de pago salvo no caso de que se produza o impago de máis de dúas cotas ou o prazo devolto sexa o último.

SECCIÓN III – APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DE PAGO

Artigo 27 Solicitude

Xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento dirixida ao alcalde deberá achegarse copia do NIF (se non o tivera presentado con anterioridade) e acreditación da titularidade da conta onde se domicilien os pagos (salvo nos casos nos que se teña constancia dos mesmos nas oficinas de xestión e recadación municipal).

Poderá ser causa de denegación do aprazamento ou fraccionamento o incumprimento reiterado de 2 aprazamentos ou fraccionamentos anteriores nos dous últimos exercicios.

No suposto de que a presentación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento se efectúe unha vez ditada a dilixencia de embargo de diñeiro en efectivo ou en contas bancarias nas entidades de crédito non se suspenderá a efectividade e continuidade do embargo, de forma que non se tramitará a solicitude de aprazamento ou fraccionamento hasta coñecer o resultado do embargo realizado.

O pago das débedas aprazadas ou fraccionadas realizarase mediante domiciliación bancaria. O vencemento dos prazos das fraccións ou do aprazamento deberá coincidir cos días 5 do mes e cargaranse nas conta ese mesmo día ou o inmediato hábil seguinte.

Artigo 28 Débedas non aprazables ou fraccionables

Non son aprazables nin fraccionables, sendo obxecto de inadmisión, as seguintes débedas:

- As solicitudes nas que contía da débeda respecto da que se solicita o aprazamento ou fraccionamento, en conxunto, sexa igual ou inferior a 60 €.
- As que se exaccionen por medio de efectos timbrados.
- As suspendidas a instancia de parte, cando recaera sentenza firme en contra.
- As reiterativas doutras que fosen denegadas cando non presenten modificación substancial ningunha.

Artigo 29 Prazos

Os criterios para fixar os prazos máximos dos fraccionamentos ou aprazamentos concedidos serán os seguintes:

No caso aprazamentos: con carácter xeral non se aprazarán as débedas por tempo superior a 6 meses.

No caso de fraccionamentos:

- De 60 € a 300 €: 6 cotas mensuais.
- De 300,01 € a 1.200 €: 12 cotas mensuais.
- De 1.200,01 € a 3.000 €: 18 cotas mensuais.

- De 3.000,01 € a 5.000 €: 24 cotas mensuais.
- De 5.000 € a 10.000 €: 30 cotas mensuais.
- A partir de 10.000,01 €: 36 cotas mensuais.

A efectos de determinar os prazos máximos terase en conta a totalidade da débeda respecto da que se solicita o fraccionamento no seu conxunto.

O límite cuantitativo de cada cota mensual resultante dun fraccionamento non poderá ser inferior a 30 €.

Excepcionalmente, poderanse conceder aprazamentos ou fraccionamentos por períodos máis longos, cando así o acorde o órgano competente baseándose nunha motivación suficiente, por razóns relacionadas con causas sociais, asistenciais ou de precariedade económica ou laboral.

Artigo 30 Recargas e xuros de demora

Durante a tramitación da solicitude de fraccionamento ou aprazamento non se suspenderá o procedemento de recadación executiva, pero se a resolución fora estimatoria, o importe fraccionado calcularase co tipo de recargo que tivera a débeda no momento da solicitude. Se a solicitude se produce cando a débeda se encontre co recargo de prema reducido do 10%, aplicaráselle o recargo do 20%.

Todas as débedas das que se solicite o aprazamento ou fraccionamento devengarán xuros de demora polo tempo que dure o aprazamento ou fraccionamento concedido. Cando se concedera o fraccionamento para un período de tempo superior a un ano os xuros calcularanse co tipo aplicable no momento da súa concesión.

Se durante a vixencia do fraccionamento se producise un cambio no tipo de xuro aplicable procederase de forma automática ao da contía no último vencemento. No documento onde se notifique ao solicitante a concesión do fraccionamento ou aprazamento solicitado, advertiráselle da posible variación do importe do cargo en conta da última fracción.

Non se esixirán xuros de demora cando os fraccionamento ou aprazamentos se solicitaran en período voluntario e se refiran a débedas de vencemento periódico e notificación colectiva, e o pago total das mesmas se produza no mesmo exercicio que o seu devengo.

Artigo 31 Notificación da concesión do fraccionamento ou aprazamento

No momento da presentación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento, xa sexa de forma presencial ou por medios electrónicos, se cumpre os requisitos esixidos para a súa obtención, poderase comunicar ao interesado a estimación da mesma.

Neste caso, advertiráselle ao interesado que, transcorrido o prazo dun mes sen recibir notificación algunha, entenderase producida a mesma, sen prexuízo, no seu caso, da súa aprobación expresa polo órgano competente.

Artigo 32 Garantías

As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de débedas nas que o importe do principal no seu conxunto non supere os 18.000 €, poderán concederse sen achega de garantía. No caso contrario, só se admitirá como garantía válida para a concesión dos fraccionamentos o aval bancario.

Cando se tivera realizado anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, considerarase garantida a débeda e non será preciso achegar outra garantía.

A garantía deberá achegarse no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión, cuxa eficacia quedará condicionada á presentación de aquela. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixirase inmediatamente pola vía de prema a débeda cos seus xuros e a recarga de prema, sempre que concluíra o período regulamentario de ingreso. Se o aprazamento ou fraccionamento se solicitara en período executivo, continuarase o procedemento de prema.

SECCIÓN IV – INSOLVENCIA E PRESCRICIÓN

Artigo 33 Situación de insolvencia e crédito incobrable

1. Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de constrinximento por resultar errados os obrigados ao pago e os demais responsables, se os houber, ou por realizarse con resultado negativo as actuacións de embargo e, no seu caso, de alleamento.

2. Cando se declararan errados os obrigados ao pago e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, podendo ser rehabilitadas no prazo de prescrición. A

débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilita nese prazo.

As débedas de vencemento posterior dos contribuíntes declarados errados serán dadas de baixa por referencia á devandita declaración, se non existen outros obrigados ou responsables.

3. O Concello, tendo en conta os criterios de economía e eficacia na xestión recadatoria, conxugados co principio de proporcionalidade, declarará como créditos incobrables aqueles en os que quede acreditada a realización das actuacións seguintes en función da contía:

a) Expedientes por débedas de importe inferior a 150 euros:

- Notificación da Providencia de constrinximento.

- Dispoñendo do NIF do debedor deberán constar, polo menos, 6 intentos de embargo de fondos en entidades bancarias a nivel municipal, con resultado negativo.

b) Expedientes por débedas de importe comprendido entre 150 e 500 euros:

- Notificación da Providencia de constrinximento realizada.

- Dispoñendo do NIF do debedor deberán constar 6 intentos de embargo de fondos en entidades bancarias a nivel municipal, con resultado negativo.

- 6 intentos de embargo de devolucións da AEAT

- 2 Intentos de embargo de soldos, salarios e pensións se o debedor figura como perceptor de rendas de traballo na información facilitada por outras Administracións.

c) Expedientes por débedas de importe superior a 500 euros:

- Notificación da Providencia de constrinximento realizada.

- Dispoñendo do NIF do debedor deberán constar 6 intentos de embargo de fondos en entidades bancarias a nivel municipal, con resultado negativo.

- 6 intentos de embargo de devolucións da AEAT

- 2 intentos de embargo de soldos, salarios e pensións se o debedor figura como perceptor de rendas de traballo na información facilitada por outras Administracións.

- Deberase acreditar no expediente que non figuran bens rexistrados a nome do debedor no Servizo Central de Índices dos Rexistros da Propiedade, así como noutros Rexistros Públicos, ou que, figurando, non procede continuar o procedemento de constrinximento ata o seu alleamento pola falta de proporcionalidade entre o importe da débeda e o valor do ben, porque as cargas do ben son superiores á valoración ou por calquera outra causa xustificada.

- Se o debedor é unha persoa xurídica, poderanse constatar as actuacións que foron realizadas mediante a información facilitada polo Rexistro Mercantil.

d) Expedientes de crédito incobrable por falta de datos esenciais. Formularase proposta de crédito incobrable, cando se liquidaran débedas a un suxeito pasivo sen NIF e non pagara as mesmas, e ademais non fora posible a obtención do NIF por parte do Concello

Para determinar a contía a que se refiren os apartados anteriores, computaranse todas as débedas dun contribuínte que queden pendentes de pago e sempre que se ditara xa a providencia de constrinximento. Posporase a proposta de crédito incobrable dentro do prazo de prescrición, nos casos en que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación posterior do expediente.

A efectos da declaración de créditos incobrables, a persoa responsable do departamento de recadación documentará debidamente os expedientes, formulando proposta que se someterá a fiscalización da intervención e aprobación polo Alcalde.

Artigo 34 Prescrición

A prescrición gañada aplicarase de oficio e será declarada polo Alcalde. Anualmente instruirase expediente colectivo referido a todas aquelas débedas prescritas no ano.

SECCIÓN V – DEVOLUCIÓN DE INGRESOS

Artigo 35 Devolución de ingresos indebidos

1. Os interesados poderán solicitar a devolución de ingresos indebidos. Considérase interesado á persoa que figura como obrigado ao pago no documento de pago do ingreso indebidamente satisfeito.

No caso de que o solicitante non sexa o obrigado ao pago, deberá acreditar documentalmente que o titular do dereito á devolución lle cedeu o devandito crédito ou ben que adquiriu este dereito por calquera dos medios legalmente recoñecidos para a transmisión do mesmo.

2. O terceiro que págase por erro dentro do período voluntario, poderá solicitar a devolución, no mesmo período, acompañando o xustificante orixinal do ingreso.

Tamén poderán solicitar a devolución de ingresos os titulares de contas correntes onde se

cargaron indebidamente recibos domiciliados e previa presentación da documentación que acredite o erro.

3. A devolución realizarase na conta indicada polo obrigado. Con todo, nos embargos de contas abertas en entidades de crédito, se se produciu un exceso por embargar unha cantidade superior á debida ou nos supostos de improcedencia do embargo, a devolución realizarase na mesma conta obxecto de embargo.

Artigo 36 Devolucións derivadas da normativa do tributo

Nos supostos de devolucións derivadas da normativa do tributo, os interesados poderán solicitar, e procederá a devolución, nos seguintes casos:

1. Devolucións parciais da cota satisfeita polo Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, no suposto de baixa do vehículo, cando procede o rateo da cota.
2. Devolucións parciais da cota satisfeita polo Imposto sobre Actividades Económicas, no suposto de baixa da actividade, cando procede o rateo da cota.
3. Devolucións do Imposto sobre construcións, instalacións e obras cando, por causas alleas á Administración, non se iniciaron as obras ou non se realizaron as obras na súa totalidade, de acordo co proxecto inicial.
4. Devolucións parciais da cota satisfeita en concepto de Taxas en cuxa regulación se inclúa a posibilidade do rateo das cotas.

Disposición Adicional Primeira – Plan Personalizado de Pago para o 2021

Durante o ano 2021 quedan excluídos do ámbito de aplicación do PPP do artigo 22 os recibos correspondentes a tributos que se atopen en período voluntario de pago ou este xa tivera finalizado.

As modalidades prevista para o PPP no artigo 23 substitúense por única modalidade no 2021, a pagar en 6 prazos: os días 5, ou inmediato hábil posterior, de xuño, xullo, agosto, setembro, outubro e novembro.

O prazo de presentación de solicitudes previsto no artigo 24 non será de aplicación para os interesados en acollerse ao PPP no exercicio 2021, que deberán presentar as solicitudes ata o 30 de abril de 2021.

Disposición Adicional Segunda - Situación de insolvencia e crédito incobrable

O disposto no artigo 33.3.b) e c) “2 Intentos de embargo de soldos, salarios e pensións se o debedor figura como perceptor de rendas de traballo na información facilitada por outras Administracións” non será esixible para débedas devengadas con anterioridade ao 01.07.2018.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Sede Electrónica Municipal, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da Ordenanza

Nº IV.4 Fiscal Xeral.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a ORDENANZA Nº IV.4 FISCAL XERAL.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Sede Electrónica Municipal, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DO VOLUNTARIADO SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DO VOLUNTARIADO SOCIAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

A participación social pode ser definida coma o medio que permite a implicación da sociedade no cambio social a través, fundamentalmente, do compromiso coas entidades de acción comunitaria así coma unha das condicións para esa transformación social levada a cabo dende a responsabilidade cidadá á hora de implicarse solidariamente co conxunto da sociedade na toma de decisións.

Coa intención de que a actuación voluntaria deixe de ser un acto illado e espontáneo e de que, polo tanto, pase a realizarse dentro dun contexto institucional regulado e plenamente organizado, así coma para o establecemento de instrumentos normativos que posibiliten e regulen a participación do Voluntariado Social do Concello de Vilagarcía de Arousa, propoño se dictamine favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Regulamento Municipal do Voluntariado Social do Concello de Vilagarcía de Arousa.

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e un dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción do novo acordo do Pleno Municipal que así o declare,

de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da L.R.B.R.L.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Sede Electrónica Municipal, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do Regulamento do Voluntariado Social Municipal de Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (5) e Ciudadanos (1) e tres votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Regulamento Municipal do Voluntariado Social do Concello de Vilagarcía de Arousa.

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e un dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción do novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da L.R.B.R.L.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Sede Electrónica Municipal, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro

do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 19 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Podemos-Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xaneiro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS ÁS MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Hai uns meses e con motivo do 25N, Podemos Galicia facíase eco da denuncia dos colectivos e persoal dos CIM sobre como a pandemia está a repercutir na demora de xestión dos trámites administrativos e protección ás mulleres vítimas de violencias machistas, así como o seu ingreso na rede de acollemento, algo que ten como consecuencia que algunhas reconsideren a súa decisión, regresando ao domicilio de convivencia co maltratador poñendo novamente en risco as súas vidas. Incidimos na necesidade de axilidade nos trámites e o amparo que deben recibir as mulleres dende as institucións para que poidan saír definitivamente da situación de maltrato.

O pasado 7 de xaneiro, o DOG publicaba as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. En dito documento indícase que as axudas estipuladas no mesmo "fináncianse con cargo aos orzamentos xerais do Estado, polo que o importe dos pagamentos será reembolsado polo ministerio competente na súa integridade; non obstante, a concesión correspóndelle ás administracións competentes en materia de servizos sociais."

A continuación, o apartado segundo do documento especifica que o mesmo regula dous tipos diferentes de axudas:

"1. Axudas dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero que residan na Comunidade Autónoma de Galicia e acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego –axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero–."

"2. Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ ou ás e aos menores ou persoas dependentes delas polos danos e perdas ocasionados como consecuencia da situación de violencia, fixadas mediante sentenza xudicial, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas –indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero–."

No referente á axuda recollida no punto 1, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de

medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece, no seu artigo 27, "o dereito a unha axuda económica para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as que se presuma que, pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego. Trátase dun dereito subxectivo, mediante o cal se pretende facilitar a súa integración social."

Sen embargo, e en relación a esta axuda, o apartado 8 establece a documentación que as solicitantes deben achegar, indicando o seguinte:

"a) Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero.

As situacións de violencia de xénero que dan lugar ao recoñecemento do dereito a esta axuda económica acreditaranse coa orde de protección a favor da vítima, cando esta estea en vigor; coa sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección vixentes que acrediten a actualidade da situación de violencia e, excepcionalmente, co informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero, mentres non se dite a orde de protección."

A autonomía económica é imprescindible para que as mulleres vítimas da violencia de xénero saian da situación de violencia, sen embargo, os requisitos que se indican no apartado "a" e que establecen a "documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero", resultan restritivos con respecto aos que se requiren para a concesión doutras axudas como é o caso da "prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero (prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo)", posto que permite que a condición de vítima se acredite con outros documentos como "o informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla a devandita condición de vítima de violencia de xénero." O que supón unha maior axilidade, posto que un dos primeiros organismos aos que acostuma acudir unha vítima, sendo o Concello a institución máis próxima, é ao Centro de Información ás mulleres (CIM) ou aos servizos sociais municipais.

O artigo 23 da Lei orgánica 1/2004 coas posteriores correccións indica que "el Gobierno y las Comunidades Autónomas, en el marco de la Conferencia Sectorial de Igualdad, diseñaran, de común acuerdo, los procedimientos básicos que permitan poner en marcha los sistemas de acreditación de las situaciones de violencia de género"

Por isto, o Grupo Municipal Podemos-Marea da Vila presenta a seguinte proposta de ACORDO:

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa solicitará á Xunta de Galicia que inste ao goberno do Estado a incluír a modificación dos requisitos para a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero para equiparalos cos previstos para a prestación periódica dentro do marco da Conferencia Sectorial de Igualdade
En Vilagarcía, a 19 de xaneiro de 2021

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal do Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a modificación das bases para a concesión das axudas ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

O Grupo Municipal do PSG-PSOE presenta a seguinte emenda de substitución da proposta de acordo:

1.- Instar ao goberno do Estado a incluír a modificación dos requisitos para a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero para equiparalos cos previstos para a prestación periódica dentro do marco da Conferencia Sectorial de Igualdade.

A representante do Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila acepta a emenda

presentada.

Na sesión plenaria polo Sr. Alcalde sométese a votación a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila e,

1.- Instar ao goberno do Estado a incluír a modificación dos requisitos para a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero para equiparalos cos previstos para a prestación periódica dentro do marco da Conferencia Sectorial de Igualdade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DO APARCADOIRO DE ROSALÍA DE CASTRO E REVISIÓN DAS BARREIRAS PARA GARANTIR A SEGURIDADE DOS PASOS A NIVEL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 28 de xaneiro de 2021 a seguinte

MOCIÓN:

“Limpeza e acondicionamento do aparcadoiro de Rosalía de Castro e revisión das barreiras para garantir a seguridade dos pasos a nivel”

EXPOÑEN

Os veciños de Rosalía de Castro e os usuarios do aparcadoiro situado á altura do número 115 da citada Avenida, denuncian desde hai tempo que a superficie de aparcadoiro está en mal estado de limpeza e conservación. A choivas provocan a proliferación de charcos no chan, que é de terra, e imposibilita a normal condución dos vehículos pola zona, inutilizando ás veces algunhas das prazas de estacionamento. A petición dos usuarios é que ADIF (ou o órgano competente) ordene a actuación de acondicionamento e asfaltado do terreo.

Do mesmo xeito é preciso acometer labores de limpeza, xa que hai restos de árbores e escombros en distintos puntos do aparcadoiro.

Con respecto ao mesmo organismo estatal, nos últimos días houbo constancia da perigosidade que presentan as barreiras do paso a nivel de Bamio. É urxente e imprescindible garantir a seguridade dos trens e dos vehículos, dado que este tipo de cruces son especialmente perigosos se non se teñen todas as medidas perfectamente implementadas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía

SOLICITA

- Que ADIF acometa a limpeza e acondicionamento da zona de aparcadoiro da Avenida Rosalía de Castro (á altura do número 115) ou que no seu defecto sexa o Concello de Vilagarcía o que faga os traballos e reclame os custes do ente estatal.

- Que ADIF acometa ou mande acometer a revisión exhaustiva de todos os pasos a nivel, como o de Bamio, xa que é unha zona de especial risco para os trens e os vehículos que pasan polas inmediacións.

Ana Granja– Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP sobre limpeza e acondicionamento do aparcadoiro de Rosalía de Castro e revisión das barreiras para garantir a seguridade dos pasos a nivel.

Os Grupos Municipais do PSG-PSOE e do BNG presentan a seguinte emenda á proposta de acordo:

Suprimir que sexa o Concello quen asuma a execución dos traballos.

O Grupo Político Municipal do PP acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria polo Sr. Alcalde sométese a votación a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP e:

- Que ADIF acometa a limpeza e acondicionamento da zona de aparcadoiro da Avenida Rosalía de Castro (á altura do número 115).

- Que ADIF acometa ou mande acometer a revisión exhaustiva de todos os pasos a nivel, como o de Bamio, xa que é unha zona de especial risco para os trens e os vehículos que pasan polas inmediacións.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA UNHA CANLE XABARÍN CLUB NA TVG E MAIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 20 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA UNHA CANLE XABARÍN CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno,
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados dos 90 do século XX, Galiza situouse á vangarda dos contidos infantís e xuvenís coa programación do Xabarín Club da Televisión de Galiza. Con ela, non só contribuíu decisivamente á normalización da lingua galega senón tamén á difusión da música, da produción audiovisual e escénica desenvolvida no país. Esta situación mudou. Hoxe, a lingua galega é a única oficial no Estado español que non conta cunha canle de emisión continuada de programación infantil e

xuvenil. O resultado disto é que só o 4,6% da programación semanal está en galego, caendo ao 2,7% na fin de semana.

A través de canles como Clan, Super3 ou ETB3 todas as crianzas, rapaces e raparigas do Estado español agás as galegas poden gozar dos mellores contidos televisivos na súa lingua.

Cómpre ter en conta que as novas xeracións adoitan consumir contidos noutros dispositivos como tabletas ou móbiles, polo que as aplicacións dos medios dedicadas aos contidos infantís tamén son moi importantes. Neste sentido, Clan TV de TVE ten unha aplicación que, ademais, dispón de diferentes actividades mais a pesar de ser unha canle pública, exclúe a opción en galego. Mentres, a App Xabarín da TVG, está sen actualizar desde 2018 e xa non é posíbel a descarga en dispositivos Android.

Temos unha corporación pública con boas e bos profesionais que cómpre dotar de máis e mellores medios técnicos para ser unha ferramenta eficaz e de primeira orde para a normalización lingüística na mocidade.

Para permitir o visionado na lingua propia das series e filmes máis vistos, os gobernos vasco e catalán chegaron a acordos con plataformas como Movistar + para a emisión de todos os seus contidos coa opción de lexendado nas súas respectivas linguas.

Non hai ningún motivo para que a infancia e mocidade galega non conte coas mesmas opcións para a visualización de contidos audiovisuais de éxito na súa lingua que se vivise en calquera outro territorio do Estado.

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galiza, recolle nos seus artigos 1º, 4º e 5º, a importancia cultural, económica, social e para a normalización lingüística das actividades do sector audiovisual, recoñecéndose o seu carácter estratéxico.

Na mesma liña a TVG, nos principios xerais de programación, dentro do seu portal de transparencia sinala que o "especial papel correspóndelle á TVG e á Radiotelevisión á hora de contribuír á normalización da lingua galega e á difusión da cultura propia de Galiza".

No Estado español, a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, recolle no seu capítulo I do título II, a garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás a recibir contidos en condicións de pluralismo cultural e lingüístico. Deste xeito, no artigo 4º di que "os operadores de titularidade pública contribuírán á promoción da industria cultural, en especial á de creación audiovisuais vinculadas ás distintas linguas e culturas existentes no Estado"; e no artigo 5º, que "as comunidades autónomas con lingua propia poderán aprobar normas adicionais para os servizos de comunicación audiovisual do seu ámbito competencial co fin de promover a produción audiovisual na súa lingua propia".

A lingua galega precisa espazos de uso, de reprodución e socialización para existir e desenvolverse. O galego debe estar "en todo e para todo", en palabras de D. Ricardo Carvalho Calero. A exclusión ou a inferioridade de condicións no ámbito audiovisual impide calquera política real a favor da normalidade plena do noso idioma.

O goberno galego conta con importantes recursos para tornar realidade a demanda cidadá para que o galego estea presente e dispoñíbel en todos os espazos, nomeadamente para a infancia e a mocidade.

Por todo o exposto, dende o BNG de Vilagarcía de Arousa instamos aos demais Grupos da corporación municipal á aprobación polo Pleno dos seguintes

ACORDOS:

- Manifestar o seu apoio á Proposición Non de Lei de Iniciativa Popular impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística PARA UNHA CANLE XABARÍN CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO e a vontade de contribuír á difusión da campaña.

-Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que tomen as medidas necesarias para:

1) O aumento da oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisión públicas a través dunha canle "Xabarín", con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2) Que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción

dobrada ao galego na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

3) Que o goberno galego chegue a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e subtitulada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

Vilagarcía de Arousa, 20 de xaneiro de 2021

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG para unha canle Xabarín Club na TVG e mais e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego.

Polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda de adición ao apartado 2) da proposta de acordo:

Engadir: "En canto sexa posible".

Pola representante do Grupo Político Municipal do BNG acéptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e cinco votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG e:

- Manifestar o seu apoio á Proposición Non de Lei de Iniciativa Popular impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística PARA UNHA CANLE XABARÍN CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO e a vontade de contribuír á difusión da campaña.

-Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que tomen as medidas necesarias para:

1) O aumento da oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisión públicas a través dunha canle "Xabarín", con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2) Que en canto sexa posible a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

3) Que o goberno galego chegue a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e subtitulada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

11.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

12.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

13.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Debido á aplicación das normas de distancia social necesarias para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210128&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.